

dar o pasado” (VI). Un cambio de perspectiva ante a palabra que despois do exilio do eu, da negación, do medo, da renuncia, do baleiro, chega á incapacidade do discurso de nomear e queda só a esperanza e unha nova dimensión, máis benévola, das ruínas, do medo, da memoria, das crenzas, do mito..., que adquiren un novo sentido. Deste modo, péchase o círculo e dáse paso da inicial consciencia de que a palabra poética xa non é un refuxio á esperanza no futuro e nas múltiples posibilidades que se abren na incerteza. Unha concepción da poesía como exploración dos afectos, camiño de comprensión da vida e dun mesmo, como percurso cara á verdade que finalmente nos leva á liberdade, cara á memoria, as raíces e a vida.

Nestas raiceiras, tan importantes na poética de Baldo Ramos, agroman tamén con forza os exilios e silencios dos que un día marcharon lonxe da familia, presentes xa dende a dedicatoria da obra. A eles diríxese en diferentes composicións, nas que a distancia, os silencios, as lembranzas da infancia ou a dor da separación se fan patentes en versos coma estes: “revivo a angustia de despedirse dunha nai que acata a sentenza de non volverte ver” (XVIII). Gallas dunha estirpe que non por separadas deixan de doer (“a primeira vez que sentín a ausencia/souben que os pesadelos terminan por ser vividos”, XX), presentes nun futuro de esperanza no que hai vontade de seguir creando lazos de unión (“vou edificar, Aldara, para ti/ un mundo posíbel no poema”, XXI).

É de sinalar tamén na obra o diálogo da palabra coa expresión plástica, neste caso da man dos deseños de Carlos González Villar (La Plata, Arxentina, 1949), pintor e gravador co que Baldo Ramos ten colaborado noutros proxectos, como a mostra *Onde beben os cervos que amansou o calígrafo*. Dúas concepcións artísticas que teñen moitos puntos en común e que nesta obra se reflicte no mapa dos afectos, das sensacións encontradas, da loita interior na busca dunha saída do labirinto que se plasman nos negros que conflúen ou flúen cara aos grises en diferentes intensidades e na pulsión do vermello, que ben podería ser o rastro desa loita que vai cesando cara á serenidade e a espera esperanzada.

Unha proposta moi recomendable polo seu particular dunha escrita que agardamos que siga experimentando con novas dimensións da plasticidade da palabra e con plásticas marcadamente poéticas nun frutífero diálogo no que ambas se sobredimensionan e crean novos sentidos.

Isabel MOCIÑO GONZÁLEZ

GARCÍA VEGA, Lucía (2014): *Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos*. Pontevedra: Edicións do Cumio, 135 pp.

Todo acto de lectura debería de ser entendido como unha viaxe en si mesma, xa que a través dos diferentes espazos o lector ten a capacidade de mergullarse nuns mundos ós que o autor o convida a acceder. No imaxinario galego, dende os albores da súa literatura, o espazo xogou un papel fundamental porque actuou como un instrumento de transformación, un camiño de liberación dos autores a través da estética que lles proporcionaba o medio. Unha das obras que mellor reflicte esa preponderancia da toponimia é *Cantares gallegos*, concibida como un gran compendio de espazos do rural galego, alén doutros lugares significativos da xeografía mundial. Lucía García Vega realiza o seu propio traxecto polos espazos físicos evocados no primeiro poemario en galego de Rosalía de Castro e a partir deles indaga na biografía da autora, proponendo unha nova e orixinal revisión sobre a figura máis internacional das letras galegas.

*Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos* é unha obra que convida ó lector a achegarse á toponimia explícita desas coplas a partir dun extraordinario labor de documentación, tanto a nivel textual como a nivel iconográfico. Lucía García Vega é licenciada en Humanidades e doutora *cum laude* pola Universidade Complutense de Madrid. En 2001 obtivo o Diploma de Estudos Avanzados defendendo un traballo sobre Rosalía de Castro, figura na que se centrarían gran parte das súas investigacións. Na actualidade Lucía García Vega combina o seu labor científico coa creación literaria, xa que foi gañadora de diferentes galardóns en certames literarios dende 2011 ata 2013.

Na introdución da obra, Lucía García Vega explica a importancia fundamental de dúas cidades na biografía de Rosalía de Castro: Vigo, lugar de publicación dos *Cantares*, e Santiago de Compostela, espazo onde a escritora asina a dedicatoria do libro o 17 de maio de 1863. Non obstante, a autora destaca a presenza de Galicia como conxunto nas páxinas de *Cantares gallegos*, obra que actuará como voceiro para reivindicar o propio, así como xa pretendera Fernán Caballero nos seus *Cuentos y poesías populares andaluzas* de 1859. O obxectivo primordial que Rosalía pretendía acadar coa publicación dos seus *Cantares* era precisamente a conservación da cultura e da identidade galegas e a dignificación e promoción de Galicia. Trátase da recreación simbólica do espazo propio respecto ó alleo.

O estudo de Lucía García Vega está dividido en tres capítulos: un primeiro, onde a autora reflexiona sobre os lugares que teñen constancia explícita no prólogo dos *Cantares*; unha segunda parte, máis extensa, que fai referencia ós topónimos que aparecen nas coplas e un último capítulo de relación de lugares, onde aparecen expostos todos os espazos anteriormente citados acompañados da explicación (e nalgúns casos imaxe) pertinente sobre a relación entre eses lugares e a biografía de Rosalía de Castro.

Na primeira parte, titulada “Os lugares do prólogo”, a autora destaca a transcendencia da xeografía no limiar e realiza unha distinción entre os tipos de topónimos que Rosalía utiliza, a saber: topónimos concretos que admiten retroacción, é dicir, lugares que a escritora traslada e adapta ó texto pero que pertencen ó seu pasado inmediato, e topónimos conectados directa ou indirectamente cos movementos migratorios dentro e fóra da Península Ibérica. Nas páxinas do prólogo de *Cantares gallegos*, segundo afirma García Vega, o manexo xeográfico invita a interpretar que Rosalía opón a súa identidade territorial propia, Galicia, a outras alleas como Castela ou en extensión España. Así, a autora propón unha dobre perspectiva para catalogar os espazos presentes no prólogo e distinguirá dous tipos de espazos: os de valor positivo e os de valor negativo. No primeiro grupo destaca por

autonomasía a presenza de Galicia e a reivindicación da comunidade galega, anticipándose ó que posteriormente serán o Rexionalismo e o Nacionalismo. Ademais da observación de Galicia como lugar idílico, García Vega destaca a presenza doutros locativos alleos ó Estado español como o Parnaso, lugar de inspiración literaria, e outros países europeos como Italia e Suíza, os que equipara coa terra galega polo seu feitío paisaxístico. Por outra banda, os lugares de valor negativo versarán sobre espazos diferentes a Galicia e son utilizados como pretexto para a afirmación do propio respecto do alleo. Por extensión, o lugar que Rosalía considera máis negativo é España, alén das súas respectivas comunidades, por exemplo: Castela, Estremadura, Alicante ou Murcia. A intención de Rosalía de Castro con este prólogo, segundo indica García Vega, é reivindicar unha distribución máis xusta do estado español, onde Galicia non estea relegada a un segundo plano. Para iso, a autora introduce a xeografía rural como reflexo da alma do pobo galego e desbota a posibilidade de introducir espazos urbanos ou personaxes que pertencen á burguesía, que se caracterizaba precisamente por falar en castelán.

O segundo capítulo titúlase “Os lugares dos cantares” e nel a autora analiza de forma pomenorizada aquelas composicións que contan coa presenza dunha toponimia explícita. Segundo García Vega, Rosalía emprega nomes de lugar en dezaioito dos trinta e cinco cantares que compoñen a obra. A estudiosa considera que a toponimia está máis presente naqueles textos de corte máis intimista, onde Rosalía introduce espazos máis próximos á súa biografía. A continuación expóñense os exemplos concretos que deixan entrever a presenza deses lugares e a significación que cada un deles ten dentro do imaxinario de Rosalía de Castro. Así, observamos que a partir dun gran territorio como é Galicia, a autora presenta outros espazos da franxa atlántica como son, por exemplo, Muxía, Laxe, Muros, Camariñas, Rianxo, Cee, Noia, etc. Ademais de dignificar estes lugares, García Vega destaca a incidencia da auga como símbolo característico de Galicia e faino a través das referencias ás fontes, ós ríos e ós ambientes de costa. Por

outro lado, Rosalía de Castro enumera diferentes lugares referentes á etnografía (descricións positivas das rapazas galegas, tanto de costa como de interior, e alusións á vestimenta tradicional) e á relixión (santuarios, igrexas, etc.). Como explica García Vega, a pluralidade xeográfica proposta en *Cantares gallegos* non se oporía á idea dunha Galicia homoxénea e unitaria.

Ao longo deste capítulo a autora continúa o seu compendio de toponimia galega (San Lois, Pombal, Bastavales, Padrón, Carril, Xinzo, Sar, Seixo, Arretén, Láño, Lestrove...) e non galega (Cais (Cádiz), Castela, Brasil, Salamanca, Australia, Italia, América...) e adscribe os cantares a unhas liñas temáticas determinadas como son o proceso migratorio dos galegos, que provoca o distanciamento entre a persoa e o espazo de orixe e entre o emigrado e as persoas que choran a súa marcha. Ademais, nestes textos Lucía García Vega expón que Rosalía reflicte a partir da toponimia algunhas das características da comunidade galega como son: o pouso da superstición, a matanza do porco ou o arraigo do pobo á relixiosidade, alén da denuncia da falta de alfabetización feminina, a promoción do trato de igualdade social e a desconfianza perante o progreso. En definitiva, a autora deixa entrever neste capítulo un traballo exhaustivo de reflexión e documentación xeográfica.

O terceiro capítulo que compón este estudo trátase da relación de lugares expostos pola autora con anterioridade e este non supón unicamente un compendio de espazos por orde alfabética, senón que os topónimos recollidos gardan estreita relación coa biografía de Rosalía de Castro. Para a presentación destes lugares, Lucía García Vega opta por proporcionar os seus datos a través de táboas, onde ten constancia a localización do topónimo tanto no espazo como na obra e, nalgúns casos, as explicacións van acompañadas por fotos dos lugares en cuestión, onde queda presente unha vez máis o magnífico labor de documentación da autora.

A obra *Rosalía de Castro e os lugares de Cantares gallegos* conclúe cun apartado a modo de conclusións, das que extraemos que os

nomes de lugar dos *Cantares* acomópanse ás grandes liñas temáticas do poemario (costumismo, paisaxismo, intimismo, crítica social, etnoloxía...). Ademais, no texto de Rosalía está exposta unha marcada crítica á desproporción dos territorios non estatais e reivindicase o territorio propio respecto do alleo. Non obstante, Rosalía de Castro non presenta ningunha intención separatista nin antiespañolista, senón que constrúe o seu texto a partir do uso superlativo dunha paisaxística galega que coñece en primeira persoa. O obxectivo final dos *Cantares* será, por tanto, a ruptura dos prexuízos contra Galicia e o seu idioma, presentando un territorio concibido como un *locus amoenus* que representará a conciencia colectiva do pobo galego.

A través deste texto, Lucía García Vega proporciona unha nova mirada á traxectoria literaria e biográfica de Rosalía de Castro, presentando unha obra madura e cimentada nun extraordinario traballo de documentación e investigación tanto da toponimia como da literatura da autora do XIX, así como se reflicte na bibliografía que pecha este estudo. A autora non se cingue exclusivamente ó obxecto literario, senón que dende aquí destacamos a importancia da conxunción entre a imaxe e o texto que caracteriza o terceiro capítulo da obra, coa fin de trasladar ó lector a esa viaxe que Rosalía de Castro realizou durante toda a súa vida. Finalmente, dende aquí queremos darlle os máis sinceros parabéns á autora por esta nova proposta de achega ó texto rosaliano e tamén por nos convidar a descubrir unha serie de lugares de excelente silencio que, como diría Ortega e Gasset, non se caracterizan nunca por un silencio absoluto.

Laura PIÑEIRO PAIS

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena e CEBREIRO RÁBADE, María do (eds.) (2012): *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*. Barcelona: Icaria, 204 pp.

El libro que ocupa esta reseña representa el esfuerzo, por parte de sus editoras y colaboradoras, de remediar la relegación de una de las figuras literarias más importantes no solo